

UN BECHO NO COLEXIO

Un día calquera no colexio, os nenos e nenas de terceiro de primaria estaban a facer un exame de Naturais cando de súpeto Xoán comezou a berrar mentres ollaba cara a fiestra: - Hai un monstro na ventá! – gritaba mentres escapaba e escondíase debaixo do seu pupitre.

- Non teñades medo! – dixo Antía - tan só é unha píntega rabilonga e é inofensiva.

Nese mesmo momento o mestre, que estaba a erguerse do chan despois de caer co susto, preguntoulle a Antía que como coñecía o nome dun becho tan estraño. Antía contoulle que tiña un amigo que era biólogo e nunha ocasión lle explicara que existía este tipo de píntega única no planeta e que podíamos atopala nos nosos montes, en Asturias e tamén no norte de Portugal.

O mestre quedou abraiado con todo o que lle contaba a súa alumna, así que decidiron investigar un pouco máis sobre aquel animalíño que case ninguén coñecía na clase, pero foi nese preciso momento cando Rabi, que así era como se chamaba a píntega, comezou a falar cunha voz moi finiña.

- Ola seres humanos, en primeiro lugar que quede claro que non son ningún monstro e en segundo lugar todo o queirades saber de min podedes preguntarmo directamente, xa que na internet moitas veces a información non é de todo correcta.

O mestre que xa se repuxera do susto inicial, ao darse conta de que aquel animalíño falaba na súa lingua, volveu caer de cu ao chan e co golpe permaneceu durmido durante toda a mañá.

Rabi, aproveitou entón para contarlle aos cativos o motivo polo que decidira ir visitalos aquela mañá. Resulta que o lugar onde Rabi habitaba, cada vez sufría máis problemas e a poboación de píntegas rabilongas estaba a diminuír por culpa das accións dos seres humanos. Así que a nosa intrépida amiga quixo contarles os problemas ás xeracións futuras para que non cometeran os mesmos erros do pasado.

A píntega, subida á mesa do profe, pediulles axuda aos nenos e nenas para solucionar aquel grave problema. Faloulles da perda de hábitats naturais pola construción de estradas, das especies exóticas que as persoas abandonaban no medio e acababan converténdose en especies invasoras, da contaminación das augas, contaminación do aire, os incendios forestais, ...

Todos decatáronse de que os hábitos e o xeito de vivir dos seres humanos levaban tempo causándolle problemas ao planeta, así que decidiron pasar á acción e contarlle todo aquilo que aprenderon con Rabi a todo o mundo: familiares, amigos, veciños, etcétera.

Cando xa todo o mundo estivo informado da problemática, cada un deles comezou a cambiar pequenas cousas na súa vida como: non comprar tantas cousas innecesarias, reparar cousas que se poden seguir utilizando, reducir o emprego de envases dun só uso, empregar o transporte público, respectar e protexer os espazos naturais, apostar polas especies vexetais autóctonas, conservar a biodiversidade, aforrar auga, levar a cabo accións sustentables para non acabar cos recursos do planeta, evitar ir en coche a todos sitios e ir a pé ou en bicicleta, ...

Aquela xeración de nenos e nenas descubriu a maneira correcta de facer as cousas e ano tras ano o planeta foi recuperándose pouquiño a pouco. Os cativos convertéronse en adultos responsables e transmitíronlle o amor e o respecto pola natureza aos seus fillos.

No mundo deixaron de existir cousas tan noxentas e contaminantes como os plásticos, gases de efecto invernadoiro, pesticidas, ..., e todo aquilo que lle facía mal ao planeta. A xente deuse conta de que con esta nova maneira de vivir todos eran moito máis felices e ademais tiñan mellor saúde.

Rabi, que xa era moi velliña e que conseguira formar unha gran familia de píntegas rabilongas nas serras da Groba e do Galiñeiro, converteuse nun símbolo de amizade e respecto entre as persoas e a natureza.

Xoán e Antía, que daquela acabaran os seus estudos, seguiron vivindo en Nigrán, formaron as súas familias e foron moi felices gozando de toda a natureza que rodeaba o lugar onde vivían. Ás veces ían ao monte, outras á praia, algún fin de semana pasaban a tarde no río, nalgunha ocasión foron a plantar árbores autóctonas, pero ... do que nunca se esquecían era de non contaminar a contorna e de respectar o medio ambiente para poder seguir desfrutando do lugar tan fermoso no que vivían.

O mestre, que collera a xubilación e desfrutaba plantando cousas na súa hortiña, estaba tremendamente orgulloso de todas aquelas xeracións de nenos e nenas que aprenderan a coidar o planeta e cambiar o mundo para facelo un sitio mellor. Ahh! e agora, cando atopaba unha píntega rabilonga na súa horta, sempre recordaba con ledicia o día que caera patas para arriba ao escoitar falar a aquel bichiño chamado Rabi.

Os protectores da natureza.